


Boqueixón

Revista Informativa do Concello

DECEMBRO 2017 - Nº 36



CONCELLO DE
BOQUEIXÓN



1º Premio "Vales de Boqueixón"
Autor: José Emilio Gómez Crespo



Editorial	2
Conxelación do IBI	3
Aumento do gasto social	3
Posta en valor do Pico Sacro	4-5
Máis dun millón de euros en obras	6-7
Pavimentación de rúas	8
Melloras no Campo do Río	9
Obras no Campo da Festa de Lestedo	9
Mellor comunicación con Santiago	10
Aforro e eficiencia enerxética	10
Novos enganches á rede de agua	11
Saneamento da zona industrial	11
Obradoiros de emprego	12
Emprego para a mocidade	13
Ponte Ledesma, BIC	14
Sexta edición da Ruta de Tapas	15
Loita contra a velutina	16
IV Plan de Igualdade	17
IV Certame Xosé Neira Vilas	18
Intercambio xuvenil con Ibiza	19
Boqueixón gaña "Lecer Consumo"	19
Máis horas de axuda no fogar	20
CoidarNos, consolídase	21
XXVI Encontro de Maiores	21
Éxito da Andaina de Maiores	22
Conciliación: Acción de Verán	22
Torneo Interparroquial Futsal	23
Gran participación no Torneo de ludo	23
Teléfonos de interese	24



Hai algo máis dun ano, o Pleno do Concello doume a confianza para ser o alcalde de Boqueixón para substituír a Ovidio Rodeiro que, como sabedes, foi nomeado delegado territorial da Xunta de Galicia na Coruña. Cando aceptei formar parte da lista electoral que gañou por ampla maioría as eleccións municipais de 2015 nin se me pasaba pola cabeza poder ser alcalde.

Dito isto, na miña primeira intervención marqueime como obxectivo traballar para ser útil a Boqueixón. Se ese traballo cumpre as expectativas non me toca a min dicilo, senón debe ser xulgado por todos e cada un de dos veciños e veciñas do noso concello. Esfuerzo, dedicación e compromiso non me faltaron durante estes meses.

O Concello de Boqueixón é unha Institución forte, solvente e perfectamente estruturada que é patrimonio de todos e froito do traballo dos alcaldes e concelleiros, tanto desta lexislatura como das pasadas, dos funcionarios e traballadores e tamén da ilusión colectiva que temos todos como pobo. Unha administración que sigue avanzando con paso firme na mellora da calidade de vida dos seus veciños e veciñas. O meu traballo continúa orientado nesta senda de fortalecemento da Institución municipal, que é patrimonio de todos.

Unha fortaleza que non sería tal se os números non nos acompañasen. Na seguinte páxina facemos un repaso da actualidade económica do Concello, onde se pode destacar a débeda bancaria a cero ou o superávit da xestión orzamentaria de 2016 que nos permitirá acometer melloras nas infraestruturas das nosas parroquias. Pero un dato que xulgo definitivo: a data de hoxe (21 de decembro) non hai ningunha factura aprobada que estea sen pagar aos provedores.

Cos meus mellores desexos para este 2018.

O alcalde de Boqueixón
Manuel Fernández Munín



Boqueixón conxela o IBI paralizando a aplicación da actualización catastral

O Concello xa baixou o gravame sobre as obras e o Imposto sobre Bens Inmóveis para explotacións gandeiras nesta lexislatura

Boqueixón ten decidido para 2018 a conxelación do Imposto sobre bens inmóveis (IBI), xa que paralizará a aplicación da actualización catastral que realizou o Ministerio de Facenda nos últimos exercicios. Para implementar esta medida deberase agardar á aprobación formal do orzamento municipal para 2018, que está na actualidade en fase de redacción.

Isto terá como consecuencia práctica que os veciños e veciñas con propiedades inmóveis como casas, palleiros, industrias ou outras construcións pagarán un recibo moi similar



O Concello de Boqueixón continúa coa senda de reducir o gravame impositivo aos veciños e veciñas do municipio

ao de 2017 e non se aumentará, como viña sucedendo nos últimos exercicios.

O alcalde, Manuel Fernández Munín, destaca que esta paralización continúa a senda de redución

do gravame impositivo desta lexislatura, xa que en 2015 o Concello aprobou unha modificación da ordenanza fiscal que regula o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) para baixar o gravame desta taxa do 2,5% ata o 1,9% que rexe na actualidade.

Ademais, en 2016 tamén se modificou a ordenanza fiscal reguladora do IBI, co obxectivo de reducir o coeficiente de tributación sobre o valor catastral das edificacións das explotacións agrarias, gandeiras e forestais en solo rústico, que pasaron do 0,44% ata un tipo do 0,3%.

O superávit do exercicio económico 2016 foi de máis de 345.000 euros

O Concello de Boqueixón pechou o exercicio de 2016 cun superávit orzamentario de 345.843 euros, o que dá boa conta da fortaleza económica das contas municipais. Ademais, o Concello non ten ningún tipo de débeda bancaria, despois de amortizar en 2016 os 323.470 euros que quedaban pendentes dun crédito de un millón de euros solicitado en 2008 para a ampliación do servizo de abastecemento de auga a todas as aldeas.

Como os primeiros datos da execución orzamentaria de 2017 indican que as cifras seguirán sendo positivas, o Concello ten previsto executar en 2018 un ambicioso plan de obras e melloras que beneficiará a todas as parroquias. Para o alcalde, Manuel Fernández Munín, este compromiso é posible grazas a que na xestión municipal se aplican nos últimos anos os conceptos de prudencia, equilibrio e respecto polas regras de gasto.

O orzamento municipal para 2018 recollerá un importante incremento en gasto social

Os técnicos municipais ultiman estes días o orzamento municipal para 2018, que deberá despois ser avalado polo alcalde e aprobado polo Pleno Municipal. Os primeiros datos destas contas provisionais indican que o estado equilibrado entre gastos e ingresos será de aproximadamente 3.300.000 euros, uns 170.000 euros máis que o de 2017. Os investimentos reais están cifrados provisionalmente en 700.000 euros.

A maior subida nas partidas orzamentarias de 2018 será con toda probabilidade a destinada a gasto social, que se incrementará en torno a un 15%, pasando de 605.000 euros a preto de 700.000.

Este aumento é posible grazas a que o Concello de Boqueixón conta cun importante incremento no número de horas para a atención domiciliar de persoas en situación de dependencia aprobadas pola Xunta de Galicia.

Premio Galicia Parabéns para o proxecto de posta en valor do Pico Sacro e a súa contorna

O Concello de Boqueixón acomete actuacións ata 2018 por 388.000 euros

O Concello de Boqueixón está a desenvolver un proxecto para poñer en valor o Pico Sacro e a súa contorna. O proxecto, galardoado co Premio Galicia Parabéns da Axencia Galega de Turismo, conta cunha inversión de 388.000 euros divididos en dúas anualidades: 100.000€ en 2017 e os 288.000 restantes en 2018.

A primeira das actuacións que se levou a cabo a finais do 2017 comprendeu a demolición dunha estrutura de formigón na subida ao cumio do Pico Sacro. Así, traballouse para eliminar impacto paisaxístico que esta estrutura provocaba na contorna. A inversión superou os 84.000 euros.

Cuberta vexetal

Para o 2018 contémpase outra medida para reducir o impacto paisaxístico na contorna do Pico Sacro: a substitución da cuberta do actual depósito municipal de augas por unha de tipo vexetal. Nas covas realizaranse traballos de limpeza baixo a supervisión dos especialistas para non danar a estrutura das galerías.

De xeito paralelo, na contorna do Pico Sacro levaranse a cabo actuacións forestais como a limpeza do terreo no que se atopa a Capela de San Sebastián e a plantación de especies arbóreas e arbustivas autóctonas para recuperar a beleza da paisaxe natural deste enclave.



O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, e o delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, supervisan a demolición dunha estrutura na contorna do Pico Sacro



A directora da Axencia de Turismo, Nava Castro, visitou as melloras no mirador do Pico Sacro



O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, visita as obras de conservación na capela de San Sebastián

Por outra banda, levarase a cabo unha profunda rehabilitación do Centro de Interpretación do Pico Sacro, situado no lugar de Cachosenande. Así, substituirase a carpintería das fiestras, recuperarase o chan da planta baixa do

edificio, ademais de labores de drenaxe e climatización co obxectivo de garantir a durabilidade dun edificio que conta con tres lustros de existencia. Tamén se prevé o arranxo da maqueta que preside a exposición do centro.

Finalmente, levaranse a cabo actuacións no roteiro entre o centro de interpretación e o cumio do Pico Sacro, coincidente coa Vía da Prata, unha das Rutas Xacobeas polas que se chega a Santiago de Compostela.

Unha sinalización coas ferramentas tecnolóxicas

Outra das medidas para a posta en valor do Pico Sacro foi a implantación dun completo sistema de sinalización mediante ferramentas tecnolóxicas. Este proxecto desenvólvese a través dunha subvención da Axencia de Turismo de Galicia.

O obxectivo desta actuación é dinamizar o turismo no Pico Sacro a través dunha App móbil. Así, todos os interesados en coñecer máis detalles sobre este enclave natural, patrimonial e cultural poderán ter ampla información dende o seu smartphone ou iPhone.

17 mozos de distintas nacionalidades elaboran materiais divulgativos sobre o Pico Sacro

Creouse a sinalización do camiño Miñoto-Ribeiro ao seu paso polo municipio

Un total de 17 mozos de 18 a 30 anos procedentes de España, Rusia, Serbia e Francia participaron no campo de traballo 'Pico Sacro', financiado pola Xunta de Galicia. O principal obxectivo desta acción de voluntariado foi a posta en valor do patrimonio do Pico Sacro e outras zonas de Boqueixón.

Unha das accións desenvolvidas comprendeu a sinalización en madeira do camiño Miñoto-Ribeiro, ademais da mellora da contorna. O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, mantivo varios encontros cos voluntarios durante a súa estada no municipio.

Por outra banda, o grupo elaborou materiais divulgativos cos que se enfatiza o valor do Pico Sacro como referente cul-



Foto do grupo de voluntarios europeos que participaron no campo de traballo xunto coas autoridades

tural e patrimonial de primeira orde. Ademais, os 17 mozos europeos participantes crearon dúas rutas interpretativas con información e actividades que se poden desenvolver tanto no Pico Sacro coma nas Illas de Gres en Ponteledesma. Estes materiais complementáronse cun amplo dossier fotográfico.



Un dos sinais creados e instalados no campo de traballo 'Pico Sacro'



A escritora Elena Gallego durante a presentación do Encontro



Alumnos e alumnas de diversos centros participaron nesta xornada

O IV Encontro da Fraternidade do Dragal reuniu máis de 300 nenos

Dentro do plan de posta en valor do Pico Sacro, este enclave patrimonial e cultural foi o lugar escollido para levar a cabo o IV Encontro da Fraternidade do Dragal. Esta cita reuniu neste lugar a máis de 300 alumnos e alumnas de diversos centros tanto de Santiago coma da bisbarra.

Este acto foi presidido polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, que estivo acompa-

ñado polo delegado provincial da Xunta en A Coruña, Ovidio Rodeiro, e polo secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García. Non faltou a esta cita a escritora Elena Gallego, autora da obra 'Dragal', na que se basea este programa cultural e que ten ao Pico Sacro coma escenario.

Durante a xornada impartíronse varios obradoiros culturais entre o alumnado asistente.

O Concello de Boqueixón inviste máis de 450.000 euros na mellora de pistas e camiños

Arranxará máis de 20 quilómetros de camiños e accesos a aldeas de todas as parroquias por un importe de case 450.000 euros do POS 2017

POS 2017	Características
Camiño Deseiro de Arriba á Susana (SERGUDE)	Asfalto. 1.020 m longo x 3,5 m ancho
Camiño AC-960 a fronte escola Sergude (SERGUDE)	Asfalto. 195 m. longo x 3 m. ancho
AC-960 ao AVE (SERGUDE)	Asfalto. 275 m. longo x 3 m. ancho
Interiores en Pumares cara Raviña e Périto (SERGUDE)	Asfalto. 125 m. longo x 3 m. ancho
Deseiro de Abaixo a Rubial (SERGUDE/LESTEDO)	Asfalto. 750 m. longo x 4 m. ancho
Milleirós a Churreira (LESTEDO)	Asfalto. 185 m longo x 3 m. ancho
Picota a Rubial (LESTEDO)	Asfalto. 870 m. longo x 4 m. ancho
Picota ao Francés (LESTEDO)	Asfalto. 375 m. longo x 3 m. ancho
Interiores en Rubial a casa de Juan Gómez (LESTEDO)	Asfalto. 195 m. longo x 4 m. ancho
Rodiño Pequeno a Senande (SERGUDE)	Asfalto. 475 m. longo x 3,5 m. ancho
Outeiro a Igrexa (LAMAS)	Asfalto. 760 m. longo x 4,5 m. ancho
En Caneda (LOUREDA)	Asfalto. 35 m. longo x 4 m. ancho
Lamparte a Loureda (LOUREDA)	Asfalto. 520 m. longo x 4 m. ancho
Agra (LOUREDA)	Asfalto. 215 m. longo x 3 m. ancho
Varela a cima da aldea (GASTRAR)	Asfalto. 230 m. longo x 3 m. ancho
Piñeiro de Abaixo a Casa do Francés (BOQUEIXÓN)	Asfalto. 135 m. longo x 3 m. ancho
Interiores en Maravexás (BOQUEIXÓN)	Asfalto. 90 m. longo x 3 m. ancho
Interior na Pichina (CODESO)	Asfalto. 129 m. longo x 3 m. ancho
Cruce de Reboredo a medio da aldea (A GRANXA)	Asfalto. 435 m. longo x 3,5 m. ancho
Interiores en Ardilleiro Pequeno (A GRANXA)	Asfalto. 80 m. longo x 4 m. ancho
De Secundino a Carballeira de Rodiño (SERGUDE)	Asfalto. 335 m. longo x 3 m. ancho
Ledesma a Codeso (VIARIAS)	Asfalto. 7.150 m. longo x 4 m. ancho
Pardiño ao Corral (POUSADA)	Asfalto. 400 m. longo x 3 m. ancho
Pumariño á Capela de POUSADA	Asfalto. 400 m. longo x 3,5 m. ancho
AC-960 ao cruce Palmeira (OURAL)	Asfalto. 215 m. longo x 3 m. ancho
AC-960 a Lamparte e Piñeiro de Abaixo (BOQUEIXÓN)	Asfalto. 740 m. longo x 3,5 m. ancho
Camiño interior en Ardesende (CODESO)	Formigón. 83 m. longo x 2,5 m. ancho
Aglomerado cara ao aeroporto (LOUREDA)	Aglomerado. 1.645 m. longo x 5 m. ancho
Camiño Campo de Fútbol de Lestedo a enlace camiño (LESTEDO)	Aglomerado. 1.156 m. longo x 5 m. ancho
Camiño cruce de Vigo a Melón de Abaixo (VIGO)	Aglomerado. 969 m. longo x 4,5 m. ancho



O Concello de Boqueixón destina a obras sete de cada dez euros do POS+2107, o que supón un investimento de 447.000 euros

O Concello de Boqueixón destinou a obras sete de cada dez euros do POS+2017, un plan que ascende a 668.000 euros. Por unha banda, a xestión económica do equipo presidido por Manuel Fernández Munín fixo innecesario utilizar o préstamo que ofrecía a institución provincial. Por outra, un total de 160.000 euros se dedicaron a gasto corrente, en concreto para pagar facturas do subministro eléctrico.

Os outros 447.000 euros destináronse a mellorar pistas, camiños e rúas de titularidade municipal nas distintas parroquias do municipio, que se están a executar nestes días. "En total, melloraremos o firme de máis de vinte quilómetros de vías, dos que preto de catro serán reasfaltados con aglomerado en quente", explica o alcalde.

Entre as obras escollidas polo equipo de Goberno destacan o camiño de Ledesma a Codeso, a máis longa de todas con 7.150 metros asfaltados; o camiño de Deseiro de Arriba a A Susana, en Sergude; a estrada de Ledesma a Codeso; a pista de Rodiño Pequeno a Senande (Lamas); ou a estrada do Pico Sacro dende o campo de fútbol de Lestedo ata o cruce do Salgueiral.

Tamén se arranxarán as rúas interiores de localidades como Ardesende e Pichina (Codeso), Caneda e Agra (Loureda), Rubial (Lestedo) ou Maravexás (Boqueixón). Finalmente, tamén se mellorarán as pistas do cruce de Vigo a Melón de Abaixo, case un quilómetro de camiño; e a pista de Loureda cara o aeroporto de Lavacolla, con máis de 1,6 quilómetros aglomerados.

Máis dun millón camiños municipais

O recén aprobado POS 2018 destinará máis de 650.000 euros ao acondicionamento de máis de 38 quilómetros de pistas e camiños

O último pleno municipal do ano 2017 serviu para aprobar a relación de obras que o Concello de Boqueixón vai incluír dentro do POS+2018. Un plan que se destina integramente a obras: 650.785,67 euros para o arranxo e mellora de 38,6 quilómetros de pistas e camiños municipais en asfalto, aglomerado e zahorra nas distintas parroquias.

Entre as obras seleccionadas polo equipo de Goberno que encabeza Manuel Fernández destacan, pola súa lonxitude, o asfaltado de máis de once quilómetros da pista do lugar da Igrexa cara As Regas (Gastrar) e o asfaltado dos 2.430 metros da pista da Solaina ao Salgueiral, polo Pico Sacro (A Granxa), que conta cun investimento de

case 43.500 euros.

E se falamos de orzamento, o proxecto máis salientable é a mellora con aglomerado dos 2.710 metros do camiño de Ledesma a Codeso, que ascende a máis de 135.000 euros e beneficiará aos veciños e veciñas de Ledesma, Sucira, Donas e Codeso. Así mesmo, o aglomerado dos 1.280 metros do camiño dende o cruce de Vigo ata o cruce de Carabán recibirá máis de 81.000 euros; mentres que o aglomerado do camiño entre a AC-960 e Pumares (Sergude) custará máis de 36.000 euros.

A previsión do Goberno local é poder comezar a licitar estas obras antes do verán de 2018, de modo que se poidan comezar a executar antes de que finalice o ano.



O Concello de Boqueixón aglomerará un total de 9,9 quilómetros de estradas, rúas e travesías nos anos 2017 e 2018

POS 2018	Características
Camiño de Noelle a Feal por Mareque (SERGUDE)	Asfalto. 1.140 m longo x 3,5 m ancho
Camiño Cruce de Carabán a Cruce de Lamas por Cubelo (VIGO)	Asfalto. 1.585 m. longo x 4 m. ancho
Camiño de Agra pola Volta cara o lugar da Igrexa (LOUREDA)	Asfalto. 860 m. longo x 3,5 m. ancho
Camiño AC-960 - Pumares (SERGUDE)	Aglomerado. 420 m. x 4 m. ancho
Camiño de Xeral de Deseiro a Modistas (SERGUDE)	Asfalto. 250 m. longo x 3 m. ancho
Camiño de Melón a Alto de Outeiro (LAMAS)	Zahorra. 870 m longo x 3,5 m. ancho
Pista pasando a Cruz cara Caneda (VIGO/LOUREDA)	Zahorra. 870 m. longo x 3,5 m. ancho
Pista Alto de Quián a xeral de Deseiro de Abaixo (SERGUDE)	Zahorra. 690 m. longo x 4,5 m. ancho
Camino de Rubial a Volta de Cachosenande (LESTEDO)	Zahorra. 1.100 m. longo x 3,5 m. ancho
Camiño de aglomerado do Pico cara Cachosenande (LESTEDO)	Zahorra. 380/450 m. longo x 3,5/4 m. ancho
Pista de Milleirós ao Salgueiral (LESTEDO)	Zahorra. 525 m. longo x 4,5 m. ancho
Camiño de Ledesma a Codeso (VARIAS)	Aglomerado. 2.710 m. longo x 4,5 m. ancho
Pista de Villalapaz a Lubián por Cruce Palmeira (OURAL)	Asfalto. 120/780 m. longo x 4/3,5 m. ancho
Subida Lubián-pista Palmeira (OURAL)	Asfalto. 205 m. longo x 3,5 m. ancho
Camiño Panadería San Cidre a límite de Touro (OURAL)	Asfalto. 1.520 m. longo x 4 m. ancho
Camiño Orto-Igrexa (BOQUEIXÓN)	Asfalto. 970 m. longo x 3 m. ancho
Pista do lugar da Igrexa cara As Regas (GASTRAR)	Asfalto. 11.190 m. longo x 4 m. ancho
Camiño de Rubial a C. Varela (LESTEDO)	Asfalto. 120 m. longo x 4 m. ancho
Camiño de cruce de Vigo a cruce de Carabán (VIGO)	Aglomerado. 1.280 m. longo x 4 m. ancho
Camiño de Gastrar a Lamparte (LOUREDA/GASTRAR)	Asfalto. 1.220/180 m. longo x 4/3,5 m. ancho
Pista xeral a pozo bombeo Noente e subida Veloso (LEDESMA)	Asfalto. 420/290 m. longo x 3,5 m. ancho
Camiño rúa da Ponte a AC-960 pola Abeleira (LEDESMA)	Asfalto. 490 m. longo x 3,5 m. ancho
Pista Abeleira-Castro (LEDESMA)	Asfalto. 215 m. longo x 3,5 m. ancho
Pista Corral-Supazo (POUSADA)	Asfalto. 715 m. longo x 3,5 m. ancho
Campo da Festa da Granxa a Boqueixón (BOQUEIXÓN)	Asfalto. 760 m. longo x 3,5 m. ancho
Camiño AC-261 ao medio das casas en Rubio (VIGO)	Asfalto. 925 m. longo x 3,5 m. ancho
Camiño xeral de Vigo a Melón de Abaixo (VIGO)	Asfalto. 70 m. longo x 3,5 m. ancho
Camiño estrada Deputación a planta de Orto (BOQUEIXÓN)	Asfalto. 400 m. longo x 3,55 m. ancho
Camiño de Engás a Granxola por Pichina (CODESO)	Asfalto. 1.070 m. longo x 3,5 m. ancho
Pista AC-960 ao final de invernadoiros (POUSADA)	Asfalto. 440 m. longo x 4 m. ancho
Pista da Solaina ao Salgueiral polo Pico Sacro (A GRANXA)	Asfalto. 2.430 m. longo x 4 m. ancho
Camiño establo Canabal ao Fontanero (LESTEDO)	Asfalto. 300 m. longo x 3 m. ancho
Pista xunto Churrera (LESTEDO)	Asfalto. 230 m. longo x 2,5 m. ancho

Case 60.000 euros para mellorar os camiños rurais

O Concello investirá 57.246 euros no Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018, "cuxo obxectivo é conservar e mellorar as infraestruturas rurais que contribúan a xerar cohesión social e territorial, axudando a mellorar as condicións de vida e traballo no rural", explica o alcalde, Manuel Fernández. O plan inclúe tres actuacións: o camiño Castenda á pista de Aeroporto (Vigo), o camiño dende o cruce de Couto ata Brea (Lamas) e o camiño entre o cruce da Pontenova-Igrexa e Pañalta (Ledesma). Tres traballos nos que se limparán as gabias, se repararán as fochancas e se mellorará asfaltar a capa de rodaxe.

Novo pavimento en 6 rúas de Ledesma, Oural e Lestedo por máis de 82.000 €

O Concello de Boqueixón conseguiu unha subvención da Consellería de Medio Ambiente a través do Plan Hurbe

O Concello de Boqueixón acometeu traballos de humanización e mellora de seis rúas do municipio: as travesías de Camporrapado e León, os accesos á praza da Casa da Cultura e as rúas Ponte Ledesma, Mestre Manuel Gacio e Francisco Sinde. Seis actuacións incluídas no Plan HURBE da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que asinou un convenio de colaboración co Concello para financiar os 82.458 euros das obras.

Na parroquia de Oural, os traballos consistiron na pavimentación da Travesía de Camporrapado e a instalación dunha canalización para a recollida de augas pluviais. Na trave-



O plan HURBE comprendeu, entre outras actuacións, o arranxo dos accesos ao campo de fútbol da Siveira, en Camporrapado

sía de León e nos accesos á praza e á Casa da Cultura mellorouse a capa de rodaxe. En Lestedo mellorouse a pavimentación de dúas rúas: Mestre Manuel Gacio e Francisco Sinde. Por último, en Ledesma arranxouse a capa

de rodaxe da rúa Ponte Ledesma.

Estas obras están incluídas no Plan Hurbe, unha iniciativa da Xunta para dar resposta ás necesidades de humanización de rúas e á urbanización e mellora dos espazos públicos.



Obras de aglomerado dos 260 metros da rúa dos Acebos



O alcalde, Manuel Fernández, inspecciona canda o delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, as obras na rúa Hixinio Ansemil

Firmes en aglomerado nas rúas Hixinio Ansemil e Acebos por 60.000 €

O Concello de Boqueixón mellorou con aglomerado o firme da rúa Hixinio Ansemil, entre a avenida do Pico Sacro e a Travesía de Milieiros, e da rúa dos Acebos, ambas na parroquia de Lestedo. Unhas obras nas que o Goberno presidido por Manuel Fernández Munín investiu un total de 59.793,63 euros.

Os traballos foron financiados grazas a un

convenio de colaboración asinado polo Concello de Boqueixón coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. As obras consistiron no aglomerado dos 530 metros de ambas rúas. No caso da rúa Hixinio Ansemil logrouse un ancho de entre 4 e 6 metros; mentres que na rúa dos Acebos o ancho aglomerado foi de entre 3 e 5 metros.

O Concello inviste 20.000 euros en acondicionar os accesos ao Campo do Río

Pon en valor un dos enclaves naturais do sistema fluvial Ulla-Deza coa roza e limpeza de marxes e reposición dun firme harmónico coa Ponte Ledesma

O Concello de Boqueixón investiu 20.000 euros na recuperación e acondicionamento dos accesos ao Campo do Río, en Ponte Ledesma. Uns traballos financiados pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e que consistiron na roza e limpeza de bordes e marxes, a reposición do firme con pavimento de lastro cunha banda central de pavimento de granito abuxardado de forma a conseguir un acabado harmónico coa paisaxe e composición do lugar de Ponte Ledesma.



O alcalde, Manuel Fernández, guiou á directora xeral de Patrimonio Natural, Ana María Díaz, na súa visita aos accesos ao Campo do Río

Así o puido comprobar monio Natural, Ana María Díaz, que visitou a zona

acompañada do delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, A directora xeral asegurou que con esta actuación “ponse en valor unha zona de especial conservación como son as Illas de Gres, que conforman unha paraxe natural poboada de carballos centenarios, ademais doutras moitas especies propias das zonas húmidas: ameneiros, freixos, sabugueiros, loureiros e outros vexetais diversos, como por exemplo os picamulos (xilbarbeira), acivros, abrótegas, prímulas e, no outono, cogomelos”.

Boqueixón achega 51.000 euros para mellorar a zona verde do Campo da Festa de Lestedo

O Concello de Boqueixón vén investir 51.144 euros nas obras de mellora da zona verde do Campo da Festa de Lestedo. Unha actuación que permitirá o uso e disfrute desta zona de ocio para a veciñanza, tanto na Festa da Filloa como na feira-mercado do primeiro e terceiro domingo de mes ou nas distintas festividades que alberga ao longo do ano (A Nosa Señora, Corpus Christi e Virxe de Lourdes).

As obras realizadas consistiron na plantación de céspede natural en toda a zona e o acondiciona-



Melloráronse as beirarrúas para evitar resbalóns os días de choiva

mento dos sendeiros e canalizacións de recollida da auga da choiva na zona norte do campo da festa.

Ademais, procedeuse á limpeza e instalación dun novo pavimento no parque infantil.

Así mesmo, o Concello conectou a fonte do campo da festa coa rede de recollida de pluviais e acondicionou as beirarrúas, co obxectivo de evitar posibles resbalóns dos veciños e veciñas debidos á pendente e a humidade. Finalmente, construíuse unha rampla entre estas beirarrúas e a zona de aparcamento para facilitar o acceso ao campo da festa a persoas con mobilidade reducida.

Estas obras estaban incluídas no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA 2016) da Deputación da Coruña.

Boqueixón e Santiago, mellor comunicados: por estrada e por senda peonil e ciclista

As comunicacións entre Boqueixón e Santiago recibirán un forte impulso ao longo dos próximos meses, tanto por estrada como por senda peonil e ciclista. A Xunta vén de licitar as obras de mellora na estrada AC-261, entre Boqueixón e Santiago. Unha actuación "que complementa a que levamos a cabo entre 2016 e 2017 en Boqueixón", explica o alcalde Manuel Fernández.

Así, a Xunta vai estender una nueva capa de rodadura entre los quilómetros 3+510 e 5+960 para aca-



O Concello xa mellorou a AC-261 ao seu paso polo municipio

bar coa ondulación constante da rasante e mellorar a seguridade dos condutores que se acheguen ata a

capital. A maiores, acondicionaranse as cunetas, reparanse as marcas viais, colocaranse novas sinais

verticais e instalárase unha barreira metálica de seguridade.

Así mesmo, a Xunta licitou a construción dunha senda peonil e ciclista entre A Susana e A Eirexe, pola AC-960. As obras, orzamentadas en 420.000 euros, executaranse en dous tramos: entre A Susana e o polígono, e despois ata A Eirexe. Unha senda de formigón cun ancho de entre 3,15 e 1,8 metros e separado da estrada mediante vexetación. O obxectivo é que estea lista ao longo de 2018.

Alumnado de 4º da ESO acomete unha campaña de sensibilización para a separación de residuos

O alumnado de 4º da ESO do CPI Antonio Orza Couto participou nun novo proxecto, chamado *Recicla Boqueixón*, promovido polo Concello en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Unha iniciativa que se levou a cabo en dúas fases: unha primeira de traballo nas aulas e unha segunda centrada nunha campaña de sensibilización para a

correcta separación de residuos no fogar.

Unha campaña porta a porta na que se distribuíu un díptico informativo e que se complementou con xornadas de sensibilización nas feiras de Lestedo e Rodiño, e co reparto de carteis nos comercios e xogos para os nenos/as de Primaria. A maiores, o Concello instalou novos colectores de recollida selectiva nas parroquias.



Alumnado participante no programa "Recicla Boqueixón"

O novo sistema de bombeo de auga permite aforrar un 30% na factura eléctrica

O Concello de Boqueixón investiu un total de 67.476,28 euros na implantación dun sistema de automatización para as bombas de auga e o sistema de control no depósito de auga do Pico Sacro, na Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) do Pontillón e no control do bombeo do río Ulla. As obras permiten aos técnicos facer un control automático e exhaustivo destas instalacións.

Así, grazas á colocación deste novo sistema, o Concello de Boqueixón conseguiu axustar correctamente o gasto eléctrico e adaptalo á demanda estimada e ao nivel de auga

tratada existente no depósito. Unhas medidas que se traducen nun aforro económico e un incremento da eficiencia enerxética cifrado en máis dun 30% con respecto á situación anterior. Ademais, este sistema de automatización permite tamén unha racionalización e un aforro na xestión da auga potable, algo especialmente importante nestas datas de seca.

Unhas obras financiadas a través dunhas axudas obtidas polo Concello ao abeiro do programa Leader, cofinanciado polo Feader no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.



Máis de 40 novos enganches á rede municipal de auga nos meses da seca

O Concello tramita as altas en pouco máis dunha semana

A auga, como o resto dos servizos básicos, foi dende sempre unha prioridade para o Concello. Por iso, Boqueixón é un dos poucos municipios de Galicia onde o servizo de abastecemento de auga chega ao 100% das 102 aldeas do concello. Unha rede que, ademais, está conformada mediante un sistema de aneis que permite que, no caso de que se pro-

duza unha avaría nun dos seus puntos, non sexa preciso cortar o subministro en toda a rede. Dese xeito, o resto dos núcleos non afectados pola avaría poden seguir con auga.

Unha infraestrutura que permite que Boqueixón sexa un dos concellos máis preparados para afrontar os problemas derivados da seca que afecta a Galicia. Unha seca que xa están



Boqueixón é un dos poucos municipios de Galicia onde o servizo de abastecemento de auga chega ao 100% dos núcleos de poboación

a sufrir numerosos pozos particulares e mananciais en toda a comunidade e que en Boqueixón se traduciron nun incremento do número de enganches á rede municipal de auga.

Concretamente, neste último ano producíronse máis de corenta novos enganches, que foron trami-

tados nun tempo récord: pouco máis dunha semana entre a recepción da petición e a súa aprobación en Xunta de Goberno, dependendo da zona. Isto supuxo un importante aforro para estes veciños e veciñas, xa que lles evitou ter que facer unha nova captación de auga.

O Concello inviste 120.000 € en ampliar e mellorar o saneamento na zona industrial de Camporrapado

O Concello de Boqueixón conseguiu unha axuda de 119.988,57 euros para a ampliación e mellora da súa rede de saneamento na zona industrial do municipio. O maior investimento tivo lugar no solo urbano industrial de Camporrapado, que carecía de rede xeral de saneamento e onde o Concello achegou máis de 94.000 euros para colocar máis de quilómetro e medio de tubería de PVC e executar 37 pozos de rexistro na calzada para a recollida das augas residuais. Ademais, estas obras tamén serviron para mellorar o servizo aos veciños e veciñas dos lugares de León, Peneliña,



O Concello dotou de rede de saneamento á zona industrial de Camporrapado, mellorando tamén o servizo a varios lugares de Oural

Camporrapado e Lubián, na parroquia de Oural.

As obras na zona industrial de Camporrapado complementáronse coa conexión dos colecto-

res de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral da depuradora principal da localidade. Isto débese a que os colectores de saneamento

que daban servizo ás parcelas do polígono conectaban coa depuradora do polígono, que non era quen de tratar todo o ben que se precisaba esas augas residuais e que, aínda por riba, estaba a supoñer un importante gasto para a veciñanza.

Para solucionar o problema, fíxoselle un *bypass* á depuradora do polígono e construíuse unha canalización de 490 metros de tubería con 10 pozos estancos e dous normais. Así, cunha achega de 25.000 euros da Xunta, redúcense os custos de mantemento da depuradora e trátanse mellor as augas fecais do polígono.



Os alcaldes de Boqueixón e Vedra e o delegado da Xunta na Coruña acompañaron ao alumnado na presentación do obradoiro

O obradoiro de emprego de Boqueixón e Vedra formará a 20 desempregados

Acondicionarán e mellorarán o centro de interpretación do Pico Sacro, a casa da cultura de Camporrapado e os locais sociais de Ledesma e Lestedo

Por segundo ano consecutivo, Boqueixón contará cun obradoiro de emprego conxunto con Vedra, que permitirá formar a 20 persoas desempregadas nas especialidades de traballos de carpintería e moble, e operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción.

O alcalde, Manuel Fernández Munín, destaca que “este obradoiro non só mellorará a empregabilidade destes alumnos-traballadores, senón que permitirá a realización de distintas actuacións en beneficio de toda a veciñanza”. Entre elas figuran traballos de acondicionamento e

mellora do centro de interpretación do Pico Sacro, da casa da cultura de Camporrapado e dos locais sociais de Ledesma e Lestedo.

Este obradoiro está dotado cun investimento de 280.000 euros, financiados pola Xunta e os Concellos participantes. Concluirá en xuño de 2018.

Orientación laboral, o mellor camiño cara o emprego

Buscar emprego é unha carreira de fondo na que o trunfo non está só reservado ás persoas mellor preparadas, senón tamén ás que saben venderse e sacar partido ao seu currículo, ao funcionamento do proceso de selección e á entrevista laboral.

Por iso, Boqueixón conta cunha orientadora laboral para poñer en marcha ferramentas e técnicas de busca activa de emprego, onde tamén se teñen en conta as posibilidades que ofrecen Internet e as Redes Sociais. Todo cun obxectivo final: que a persoa que acude a este servizo municipal termine atopando un emprego.



A formación e os traballos nas especialidades de carpintería e moble teñen lugar en Camporrapado



O alumnado está desenvolvendo traballos de acondicionamento do local social de Lestedo

Vinte mozos e mozas gozaron do plan de prácticas no estranxeiro Galeuropa Val do Ulla

O Concello de Boqueixón coordinou este programa pioneiro en materia de inserción da xuventude no mercado laboral

Pioneiro en materia de inserción da xuventude no mercado laboral, o Concello de Boqueixón coordinou o programa de prácticas formativas en empresas Galeuropa Val do Ulla dirixida a mozos/as dos municipios de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces. Foron vinte os mozos e mozas que se beneficiaron deste programa de mobilidade europeo e que os levou a países como Irlanda, Italia ou Reino Unido.

A recepción oficial dos participantes foi presidida polo alcalde boqueixanés, Manuel Fernández. Dende o Concello se apoia dende sempre este tipo de programas de participación xuvenil, chegando mesmo a realizar reunións de traballo nas parroquias para



Recepción no Concello aos mozos e mozas participantes no programa europeo Galeuropa

animar á mocidade a participar. Un dos principais obxectivos destes programas é mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o seu currículo laboral a través da experiencia internacional en empresas e facilitando así a busca dun emprego.



Dous dos mozos boqueixaneses participantes no Galeuropa

Máis dun cento de rapaces e rapazas de Boqueixón participaron no programa de emprendemento xuvenil

Máis dun cento de mozos e mozas boqueixaneses participaron durante este ano nas actividades incluídas dentro do Programa de Información e Dinamización Xuvenil Emprendedora desenvolvido polos concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces. O principal obxectivo das accións postas en marcha foi promover entre a xuventude a adquisición das competencias necesarias para



Asistentes ao Curso de Monitor/a de Piragüismo

acadar un desenvolvemento persoal, social e profesional adaptado á súa contorna, ás súas necesidades e intereses, así

como ás demandas do mercado laboral actual.

Obradoiros sobre habilidades sociais nos centros educativos, cursos

formativos sobre temáticas moi diferentes (Coaching, Oratoria, Recursos de Educación Ambiental, monitor de piragüismo, Desfibrilador semiautomático, Deseño e Impresión en 3D, Videocreación ou Animación Infantil) foron impartidos no último semestre deste ano. Todas as accións formativas levadas a cabo contaron cunha excelente resposta por parte da xuventude.

O Concello de Boqueixón traballa a prol de que a Ponte Ledesma sexa declarada BIC

A ponte románica foi escenario dunha concorrida Noite Velada chea de música

Xunto co Pico Sacro, a ponte románica de Ledesma é unha das grandes iconas do municipio. Por iso, dende o Concello de Boqueixón trabállase a prol de que a Ponte Ledesma sexa declarada Ben de Interese Cultural (BIC).

Tanto é o coidado que dende o Concello boqueixanés contan cun plan específico de mantemento. Este inclúe dende a limpeza vexetal dos muros de canteiría granítica, á restauración de fendas

abertas; revisión e arranxo de canais de drenaxe, luminarias e pavimento.

Todo para contar cunha ponte románica que sirva de referente e de escenario para accións culturais coma a desenvolvida en setembro coa Noite Velada. Numerosos veciños e veciñas acudiron a esta cita na que se mesturaron as actuacións de Campo de Estrelas, Son de Gaita e Os Carunchos, co conxuro da queimada e postos con bebida e comida.



A Noite Velada encheu a ponte románica de Ledesma de candeas



Gañadoras da primeira edición do Concurso de Xardineiras

Bo nivel de ornamentación no I Concurso de Xardineiras

Dentro do plan de humanización das aldeas, o Concello de Boqueixón desenvolveu o seu I Concurso de Xardineiras. O xurado, presidido polo alcalde, Manuel Fernández, salientou “o bo nivel de ornamentación e innovación nas creacións”.

A proposta vencedora foi a de M^a del Carmen Balado (Sergude); o segundo premio foi para Silvia Pena (Loureda), e o terceiro, para M^a José Varela (Ponte Ledesma). Todas levaron un diploma e vales para canxear por material de xardinería.



Certame ‘Paisaxes de Boqueixón’

O alcalde, Manuel Fernández, presidiu a entrega de premios do V Certame de Fotografía ‘Paisaxes de

Boqueixón’. Das 80 imaxes recibidas, a gañadora foi ‘Vales de Boqueixón’, de José Emilio Gómez.



Patrimonio natural co Goza do Ulla

O Concello participa no programa Goza do Ulla, que permite dar a coñecer o patrimonio natural de

Boqueixón, Touro e Vedra. Ofreceu en xullo unha xornada polo Roteiro dos Pescadores e Río Grande.



Un novo éxito da Ruta de Tapas de Boqueixón

Once establecementos hostaleiros elaboraron 14 propostas culinarias

Once establecementos hostaleiros boqueixaneses puxéronse mans á masa para deleitar os padais dos veciños coa VI edición da Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón'.

Casa de Xantar O Improvisto, Café Bar Latino, A Taberna d'San Benito, Café Bar A Barreira, Casa de Xantar Casa Castro, Casa Agrelo, Restaurante Vente Vindo, Café Bar O Rincón de Pepe, Cervexería O Vikingo, Café Bar O'26 e Restaurante Vía da Prata foron os participantes nesta cita desenvolvida oos días 24, 25 e 26 de novembro e o 1, 2 e 3 de decembro. Cada tapa tivo un prezo de 1,5 euros.



Foto de familia tras a entrega de premios a establecementos e clientes da VI Ruta de Tapas

O alcalde, Manuel Fernández, presidiu a entrega de premios que corou a 'Os sete pecados' de O Rincón de Pepe como mellor tapa 2017. O segundo posto foi para a Cervexería O Vikingo pola

sua tapa 'Airiños do Pico', e o terceiro, para A Taberna d'San Benito pola súa proposta 'Costeleta de Cordeiro con salsa de inverno'.

Tamén se entregaron os premios do sorteo a 13 clientes participantes con

200 € en metálico, 5 botellas mágnium da Bodega Pazo do Mar, 4 estoxos de botellas de Bodegas Lodeiros e un vale de 120 € para un xantar ou cea canxeable nun dos establecementos participantes.



'Os sete pecados' de O Rincón de Pepe foi a vencedora da VI Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón'



'Airiños do Pico', de O Vikingo segundo premio



A 'Costeleta de cordeiro con salsa de inverno' de A Taberna d'San Benito acadou o terceiro galardón



'Timbal agridoce de xamón e tomate', O Improvisto



'Espetada de ouro', Café Bar Latino



'Os Tigres', Bar A Barreira



'Paspallás confeitada e froitos de tempada', Casa Castro



'Niño de luriñas', Café Bar 'Casa Agrelo'



'Picado de gambas', Café Bar 'Casa Agrelo'



'Monte Sacro', Rte. Vente Vindo



'Boqueixo-marmelo', Rte. Vente Vindo



'Caralludo', Café Bar O'26



'Fabada Mariñeira', Rte. Vía da Prata



'Vieiriña peregrina', Rte. Vía da Prata



A Xunta investirá 50.000 euros en melloras no centro de saúde do Forte

A Xunta vai investir 50.000 euros en reformas e melloras no centro de saúde do Forte, logo de que a finais de 2017 asumise a xestión do centro boqueixanés. Ademais, a cesión da xestión do ambulatorio suporá para o Concello un aforro de entre 10.000 e 12.000 euros anuais, que era o que custaba o servizo de limpeza, gasóleo, luz e mantemento do centro de saúde. Uns cartos que agora irán ao mantemento dos centros socioculturais.

Protección Civil de Boqueixón retira 198 niños de vespa velutina durante 2017

A cesión de material por parte de Medio Rural permitiu incrementar nun 340% o número de retiradas

Protección Civil de Boqueixón retirou 198 niños de vespa velutina durante o ano 2017. Elimináronse niños en todas as parroquias, especialmente en Sergude e Lestedo, que concentraron o 20 e o 26% das retiradas, respectivamente. Estas cifras supoñen un importante crecemento con respecto ao ano 2016, no que se retiraran un total de 45 niños desta especie invasora.

O aumento de retiradas débese en parte ao novo equipamento para combater á vespa velutina que o Concello recibiu da Consellería de Medio Rural. A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén do



A pértega entregada pola directora xeral de Gandaría, Belén do Campo, permite retirar niños situados ata unha altura de 28 metros

Campo, entregoulle a Protección Civil de Boqueixón unha pértega de aluminio lixeiro e os seus elementos accesorios que permi-

ten retirar niños en alturas de ata 28 metros. Lembra que para avisar para a retirada dun niño só tes que chamar ao 112.



Un intre da cerimonia do lume sagrado celebrada no Pico Sacro



Participantes na representación

Cativos e maiores asistiron á Cerimonia do lume sagrado

Coincidindo coa chegada do Solsticio de Verán, maiores e cativos do Concello de Boqueixón participaron na Cerimonia do lume sagrado do Pico Sacro. Trátase dun ritual co que se recuperou unha tradición ancestral vencellada ás comunidades celtas.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, e o delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, asistiron á cerimonia. Esta foi conducida por un druída, quen se encargou de prender

lume puro do Sol nun pebetero, só coa calor aportada polo astro rei, tal e como facían os antergos, e coa música da gaita galega de fondo.

Acendido o pebetero, a Raíña Alda ('A máis fermosa') recolleu o lume cun facho e leu o pergamino que contiña a 'Alegoría do Lume'.

Este lume sagrado custodiouse na capela de San Sebastián do Pico Sacro e ofreceuse a todo aquel que quixo prender a súa fogueira de San Xoán con estas chamás.

Boqueixón presenta o IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Recolle as accións que se levarán a cabo entre 2018 e 2022

Coincidindo coa conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concello de Boqueixón presentou o IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes. Un plan que recolle as actuacións que se levarán a cabo no período 2018 a 2022 para a introducción do principio de igualdade de oportunidades e non discriminación entre homes e mulleres. Un documento que está a disposición de toda

a veciñanza na páxina web do concello.

Ademais da lectura dun manifesto de repulsa contra a violencia machista e de compromiso de loita para a súa erradicación, o Concello desenvolveu a campaña “O photocall pola Igualdade”, unha iniciativa para recordar os límites e os dereitos nas relacións de parella, clave fundamental para a prevención de relacións tóxicas e a construción de relacións saudables.



Participantes na campaña “O photocall pola Igualdade”



O CIM atendeu 100 consultas e 63 persoas neste último ano

O CIM de Boqueixón colabora tamén con Touro

O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, visitou o Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón. Un centro que puxo como exemplo da cooperación entre Xunta e concellos, e tamén entre os propios municipios, como é o noso caso que dá servizo tamén a Touro.

Acompañado pola secretaria xeral da Igual-

dade, Susana López Abella, e do delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, Rueda coñeceu de primeira man o labor que levan a cabo a prol das mulleres as profesionais do CIM de Boqueixón, que conta cunha asesora xurídica e unha psicóloga. O pasado ano o CIM tramitou case 100 consultas e atendeu a 63 persoas.

Charla informativa no colexio sobre violencia machista

Conscientes de que a educación en igualdade é fundamental para sensibilizar á nosa mocidade, o Concello de Boqueixón levou ao CPI Antonio Orza Couto a charla “Igualdade, xénero e violencias de xénero”, impartida por Lourdes Pazo e Tatiana Conde, do Programa Vagalume de atención integral a mulleres en contextos de prostitución e/ou vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Nesta charla, incluída nas actuacións que promoven a Secretaría Xeral da Igualdade e a FEGAMP, participaron 26 mozas e mozos de 3º da ESO, que recibiron información sobre manifestacións da violencia machista, estereotipos, micromachismos e mitos. A maiores, o CIM de Boqueixón organizou un ano máis no colexio o “Obradoiro de Prevención da Violencia de Xénero en Adolescentes”.



O Concello colabora co colexio en actividades de igualdade de xénero



O alcalde de Boqueixón durante a Feira do Libro en Lestedo

O Concello organizou unha Feira do Libro en Lestedo

O Concello de Boqueixón organizou o pasado 23 de abril, a través do programa da Deputación Provincial da Coruña 'Libros para sermos libres', unha Feira do Libro no Campo da Feira de Lestedo. Foron numerosos os veciños e veciñas de Boqueixón que se achegaron ata o Campo da Feira para ver a ampla mostra de publicacións expostas nesta cita.

O alcalde, Manuel Fernández, e a deputada

provincial de Cultura, Goretti Sanmartín, participaron nesta xornada na que se doaron, entre a institución provincial e a municipal, máis de medio milleiro de libros para repartir entre adultos e mozos.

As publicacións entregadas aos asistentes foron do máis variada, xa que se centraban en distintas temáticas: Ciencias, deportes, medicina, música... Todo isto para incentivar entre os veciños e veciñas.



Obradoiros de animación á lectura para os máis cativos

O programa de fomento de hábitos lectores da Biblioteca Municipal de Boqueixón puxo en marcha actividades de

animación á lectura. Así, desenvolvéronse obradoiros nos que dun xeito lúdico fomentouse este hábito entre a cativada.

Premios á creatividade no IV Certame de Relatos 'Xosé Neira Vilas' de Boqueixón

Os escolares dos centros educativos presentaron un total de 81 traballos

A Biblioteca Municipal de Boqueixón puxo en marcha este ano o IV Certame de Relatos 'Xosé Neira Vilas', dirixido a estudantes dos distintos centros educativos do municipio. A entrega de galardóns foi presidida polo alcalde, Manuel Fernández, e polo presidente da Fundación Neira Vilas, José Luís Reimóndez, dentro do programa co gaio do Día das Letras Galegas. Presentáronse 81 traballos nas 3 categorías (3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de Primaria, e Secundaria).

Na primeira delas, gañou Noa Méndez, pola súa obra 'O ovo sorpresa'. O segundo posto foi para Aldara Munín, con 'O rescate de Aurora e Nina', e o terceiro, para Iria Rial con 'O espírito que roubaba zapatos'.

Na segunda categoría venceu Candela Suárez, con 'Sentir en galego', mentras que o segundo premio

foi para Carla Gontán, con 'Icía, a nena de ouro', e o terceiro, para Olalla González con 'A nena das botas de ouro e o arco de cabaleiro'.

María Crespo venceu na sección de Secundaria con 'Eu'. O segundo posto levouno Alejandra Neiro, con 'Moitos poucos fan un sorriso', e o terceiro, para Andrea Fernández, coa súa obra 'Unha historia de dous'.

Os gañadores de cada categoría levaron un diploma, un vale de 100 € e un libro editado. Os segundos e terceiros clasificados acadaron cadanseu diploma, un vale de 75 € e un libro editado.

O Concello de Boqueixón editará unha publicación na que se reproducirán todos os traballos gañadores neste certame. O seu obxectivo é potenciar a lectura e fomentar a creatividade literaria dos escolares boqueixaneses.



O alcalde de Boqueixón, entregando un dos galardóns



Preto de 30 rapaces e rapazas de Boqueixón participaron nun intercambio xuvenil en Ibiza

Un grupo de 28 rapaces e rapazas de Boqueixón participaron este verán nun intercambio xuvenil en Ibiza. Esta acción, dirixida a mozos e mozas de entre 13 e 18 anos, permitiu que os participantes coñecesen o amplo patrimonio natural, histórico e cultural deste municipio, ao tempo que compartiron experiencias con outros rapaces e rapazas da súa mesma idade.

Esta acción complementouse co intercambio xuvenil no que participaron outros 21 mozos e mozas de Ibiza no Concello de Boqueixón. O meirande

obxectivo desta acción foi o fomento de actividades de lecer saudable e a promoción de valores e actitudes de respecto e solidariedade entre os participantes. Durante a estada dunha semana, este grupo, acompañado por monitores de ambos concellos, realizou diversas iniciativas culturais e deportivas que lle serviron para coñecer o municipio boqueixanés e outros lugares da comunidade.

Unhas experiencias que resultaron un éxito de participación e que se animan a seguir organizando accións deste tipo.



Unha das visitas culturais realizadas dentro do intercambio xuvenil



Os participantes tamén gozaron das propostas de lecer da illa



A directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez, e o delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, entregaron o premio

Seis estudantes de Boqueixón gañan o “Lecer Consumo”

Seis rapaces e rapaces de Boqueixón, de entre 8 e 12 anos, gañaron o concurso de vídeos do programa de actividades “Lecer Consumo”, que contou coa participación de máis de 2.400 persoas de 25 municipios.

A directora xeral de Comercio e Consumo,

Sol Vázquez Abeal, e o delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, entregaron o recoñecemento ao equipo boqueixanés, que estivo acompañado polo alcalde Manuel Fernández, polo seu vídeo “Planazo en Boqueixón, o Concello de Boqueixón é o máis molón”.

O Concello de Boqueixón aumenta as horas do servizo de axuda no fogar e acada 56 usuarios

O programa 'Prevención da dependencia', dos Servizos Sociais municipais, preséntase nun congreso nacional ante 30 universidades de España

O Concello de Boqueixón vén de incrementar as horas mensuais de axuda no fogar dentro do sistema de atención a persoas en situación de dependencia. Este aumento, o máis elevado dende a posta en funcionamento do servizo de axuda no fogar, permitiu a incorporación de 12 veciños e veciñas que se atopaban en lista de agarda. Así, rexístrouse unha suba de usuarios dun 33,33%.

Na actualidade, o servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón conta cun total de 56 usuarios, 48 deles, na modalidade de dependencia,



Boqueixón no XV Encontro de Programas Universitarios para Maiores

e os 8 restantes, na de libre concorrencia.

Por outra banda, o programa 'Prevención da dependencia', coordinado

polo Departamento de Servizos Sociais de Boqueixón, participou no XV Encontro Estatal de Programas Universitarios para

Maiores. Un congreso no que participaron máis de 200 persoas e profesionais de 30 universidades españolas, que puideron coñecer o bo traballo que se fai en Boqueixón.

O congreso serviu para atopar moitos maiores activos e moi interesados na aprendizaxe das novas tecnoloxías, así como coñecer persoas con obxectivos afíns a este programa municipal. De feito, un dos participantes no congreso, da Universidade de Alacante, resultou ser da parroquia de Sergude e amosouse moi interesado polo traballo que se leva a cabo no seu municipio natal.



Ximnasia para maiores nos distintos centros socioculturais



Unha das sesións que se desenvolven dentro do plan 'Galicia Saudable'

Arredor de 80 veciños e veciñas no programa para o fomento da actividade física 'Galicia Saudable'

Arredor de oitenta maiores de distintas parroquias de Boqueixón participaron durante este ano nas actividades incluídas dentro do programa 'Galicia Saudable'. Unha proposta que conta con grande aceptación entre os veciños e veciñas, e que ten como principal obxectivo o fomento da actividade física.

Os centros socioculturais de Sergude, Lestedo, Ponte Ledesma, Vigo e Lamas e o ximnasio municipal de O Forte acollen unha media de dúas se-

sións por semana de ximnasia adaptada ás necesidades dos maiores.

Nas clases incídese en exercicios para mellorar a mobilidade articular, o equilibrio e a coordinación mediante xogos de baixa intensidade con elementos como balóns ou aros.

A saúde física e mental da terceira idade supón algo básico para o Concello de Boqueixón. Por iso, a través destes exercicios promóvese non só a actividade física, senón tamén a cerebral.

CoidarNos consolídase como recurso de apoio para os familiares de persoas dependentes

O programa foi seleccionado para a IV Conferencia Nacional del Paciente Activo desenvolvida en Oviedo

Unha necesaria ferramenta para os familiares cuidadores de persoas dependentes do Concello de Boqueixón. O programa CoidarNos consolídase como un recurso terapéutico municipal para os veciños e veciñas que atenden a persoas en situación de dependencia.

Esta iniciativa levou á constitución dun grupo de apoio no pasado mes de maio de 2016 que serve como espazo de encontro para os seus membros. Son xa 20 as sesións que se levan desenvolvidas e que teñen como principal obxectivo satisfacer as necesidades emocionais derivadas da prestación continuada de cuidados.

Diverso tipo de profesionais acudiron aos encontros deste grupo de apoio axudándolles a ampliar os seus coñecementos de cara a manexar con maior seguridade as complicadas situacións ás que se poden enfrontar diariamente. Esta iniciativa, desenvolvida dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boqueixón, conta cunha excelente acollida entre os seus usuarios e serviu de referente a nivel nacional.

De feito, o programa CoidarNos foi seleccionado dentro da sección de comunicacións de experiencias dentro da IV Conferencia Nacional del Paciente Activo. Esta cita



Unha das sesións do grupo de apoio deste programa municipal



Un intre da presentación de CoidarNos no congreso en Oviedo

desenvolveuse o pasado 4 de marzo no Palacio de Congresos de Oviedo.

Esta presentación supón un recoñecemento ao bo facer dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boqueixón. Na súa presentación, a tra-

balladora social e a psicóloga boqueixaneses expuxeron as conclusións profesionais extraídas dos 9 meses de funcionamento do grupo de apoio. Entre as súas meirandes vantaxes, salientaron o efecto terapéutico das sesións.



O XXVI Encontro de Maiores de Boqueixón reuniu 300 asistentes no polideportivo do Forte

O polideportivo do Forte acolleu, un ano máis, o Encontro de Maiores do Concello de Boqueixón, que nesta ocasión chegou á súa XXVI edición. Un total de 300 veciños e veciñas acudiron á cita, que comezou cunha misa no salón de actos do CPI An-

tonio Orza Couto. A continuación, os asistentes desprazáronse ao pavillón do Forte para participaren nun animado xantar de confraternidade que estivo amenizado por música e animación. A xornada completouse cunha entrega de agasallos.

Preto de 50 persoas asistiron á Andaina de Maiores de Boqueixón

Os participantes percorreron a Ruta da Auga e da Pedra, situada en Meis

O Concello de Boqueixón puxo o broche de ouro á súa actividade de 'Ximnasia para maiores' coa celebración da III Andaina de Maiores. Foron preto de medio cento de veciños e veciñas, pertencentes aos sete grupos de ximnasia de mantemento municipal, os que participaron nesta iniciativa na que puideron amosar a súa excelente forma física.

O percorrido, de sete quilómetros, realizouse pola fermosa Ruta da Auga e da Pedra, no Concello de Meis. Durante esta activi-

dade, puideron contemplar os muíños e lavadoiros restaurados, ademais de visitar o Museo da Muller Labrega situado no municipio. A III Andaina de Maiores finalizou no Mosteiro de Armenteira, un enclave histórico e cultural de grande importancia.

A xornada de deporte e cultura finalizou cun almorzo de confraternidade. Todos os asistentes quedaron emprazados a continuar desenvolvendo a súa capacidade física a través das sesións de ximnasia de mantemento no concello.



O amplo grupo de veciños e veciñas que participou na III Andaina



O percorrido por esta ruta en Meis estendeuse sete quilómetros



A cativada de Boqueixón gozou dunha Acción de Verán repleta de variadas actividades de lecer durante as mañás dos meses estivais

Máis de 200 rapaces e rapazas participaron na Acción de Verán

O programa de conciliación Acción de Verán rexistrou un novo éxito de asistencia. Máis de 200 rapaces e rapazas de entre 3 e 18 anos participaron nas diversas actividades de lecer propostas

dende o Concello de Boqueixón.

Dentro dela, o Verán Activo foi a máis concorrida. As instalacións de O Forte acolleron as propostas de lecer desenvolvidas dende a segunda

quincena de xuño ata o 31 de agosto, en horario de luns a venres entre as 10.00 e as 13.30 horas. Ofreceuse tamén ás familias a posibilidade de ampliación horaria.

Os monitores da Ac-

ción de Verán ofreceron aos cativos e cativas asistentes unha ampla oferta lúdico-educativa, deportiva e acuática, que se combinou con excursións e actividades culturais de diverso tipo.

Novo éxito do Torneo Interparroquial Futsal Nadal 2017 con seis equipos participantes

O grupo 'Bo Nadal' foi o gran vencedor da cita celebrada o 25 de decembro

Como xa é tradición, o pavillón polideportivo de O Forte acolleu a vixésimo cuarta edición do Torneo Interparroquial Futsal Nadal 2017 organizado polo Concello de Boqueixón e que contou con preto dun cento de participantes. Foron un total de seis equipos os que competiron nesta cita que se desenvolveu o propio día de Nadal (25 de decembro).

Os equipos dividíronse en dous grupos. No A estiveron os membros de 'Feitizo', 'A barra é nosa' e 'Vente Vindo'. Pola súa banda, o Grupo B estivo composto por 'Bo Nadal', 'Lestedo-Campos' e 'Herdeiros da Estaca'.



Foto de familia de participantes na vixésimo cuarta edición do Torneo Interparroquial de Boqueixón

A xornada de fútbol sala amosou moito nivel en todos os partidos desenvolvidos ao longo da mañá do pasado 25 de decembro. De feito, a fase final, que enfrontou a 'Bo Na-

dal' con 'Herdeiros da estaca', tívose que solventar na quenda de penaltis despois dun empate a tres tantos. Finalmente, 'Bo Nadal' proclamouse campión desta edición que foi a an-

tesala das vodas de prata do Torneo. Este campionato municipal xa se converteu nunha xuntanza de veciños arredor dun feito lúdico e de lecer como é o deporte.



Algúns dos participantes na segunda edición do Torneo de ludo

Centos de escolares no II Torneo de ludo de Boqueixón

O Concello de Boqueixón acolleu a segunda edición do seu Torneo de ludo. Nesta cita competiron centos de cativos e cativas pertencentes a clubs tanto do municipio coma da bisbarra coma Santiago,

Ames, Rois, Vedra, e incluso Ferrol.

Ante uns 500 espectadores, os nenos e nenas disputaron emocionantes combates que culminaron coa entrega de premios presidida polo alcalde.

Entrega de medallas aos cativos e cativas dos cursos de natación

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, presidiu o acto de entrega de medallas aos cativos e cativas que participaron durante este verán nos cursos de natación ofertados dende o Concello boqueixanés.

As distintas actividades propostas aos máis pequenos e pequenas do municipio buscaban mellorar as súas habilidades motrices dentro da auga, fomentando deste xeito o seu desenvolvemento neste medio.



O rexedor boqueixanés, coa rapazada asistente aos cursos de natación

CONCELLO

Centraliña / Alcaldía	981 513 061
Fax Concello	981 513 000
Xulgado	981 513 061
Cultura e Educación	981 513 115
Servizos Sociais	981 513 106
Deportes / Ximnasio	636 731 721
Urbanismo / Servizo Mun. de Augas	981 513 061
Servizo Municipal de Augas (Avarías)	616 440 465
Recollida de lixo	616 440 468
Punto Limpo	981571 241
Saneamento (Espina & Delfín)	981 513 457
(luns e xoves)	610 707 052 (Manolo)

CENTROS ASISTENCIAIS

Centro de saúde do Forte	981 513 010
Centro de saúde de Lestedo	981 502 297
Residencia Santa Olalla (Codeso)	981 512 151

EMERXENCIAS

Garda Civil de Lestedo	981 503 051
Emerxencias (telf. gratuíto)	112
Urxencias Médicas	061
Protección Civil Boqueixón	616 440 465

CENTROS EDUCATIVOS

CPI Antonio Orza Couto. Primaria:	881 866 783 (Primaria)
Secundaria:	881 866 781 / 881 867 015
CPI de Vedra	881 867 015
CRA	616 440 471
Escola Unitaria de Lestedo	616 440 474
Escola Unitaria de Camporrapado	649 737 678
Escola Unitaria de Sergude	616 440 472
Escola Infantil Raíña Lupa	981 502 190

OUTROS

Correos	981 513 050
Permisos de queima (telf. gratuíto)	012
Taxista Sergude	609 562 447 (Julio Devesa)
Taxista Ledesma	686 483 899 (Jesús Ramos)
Taxi adaptado en Lestedo (eurotaxi)	670 307 811 / 981 502 019 (J. M. Silva)
Farmacia de Lestedo	981 502 252
Farmacia do Forte	981 513 087
Farmacia de Camporrapado	981 514 425